

INDICACIÓNS FASE III

APLICACIÓN DESDE O 8 DE XUÑO DE 2020

Segundo a orde SND/458/2020 do 30 de maio e a orde SND/507/2020 do 6 de xuño.

Estas indicacións poderán ser actualizadas ao longo dos vindeiros días en función de futuras resolucións publicadas pola Xunta de Galicia e o Centro de Coordinación Operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (Cecop).

MOBILIDADE

Pódese circular pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Elimínanse todas as franxas horarias.



Estarán permitidos os **grupos de ata vinte persoas** mantendo a distancia de seguridade de dous metros (excepto as persoas que convivan xuntas que non están obrigadas a manter esta distancia).

Nas **motocicletas** e ciclomotores provistos de **dúas prazas homologadas** poderán viaxar dúas persoas sendo **obligatorio o uso de luvas**.

En **vehículos privados particulares ata nove prazas** poderán viaxar tantas persoas como prazas teña o vehículo sempre que os ocupantes **residan no mesmo domicilio**.

En **vehículos privados particulares ata nove prazas**, cando **non se conviva no mesmo domicilio**, poderán desprazarse **dúas persoas por cada fila de asentos** mantendo a máxima distancia posible entre ocupantes.

No **transporte público** regular, discrecional e privado, así como nos transportes ferroviarios se poderá facer **uso da totalidade dos asentos**. Cando o nivel de ocupación o permita manterase a máxima separación entre usuarios.



COMERCIO

Os establecementos comerciais poden facer uso ata o **50% do seu aforo**. Recorda manter sempre a distancia de seguridade de 2 metros e, se non é posible, soamente poderá permanecer un cliente dentro do local.

HOSTALARÍA E RESTAURACIÓN


Os locais de hostalaría poden realizar o servizo dentro do local ata un **50% do seu aforo** preferentemente con reserva previa.

Está **permitido o consumo na barra** sempre que exista unha **separación mínima de 2 metros** entre clientes ou grupo de clientes.

As **terrazas** terán unha limitación de **aforo do 75%**.

A **distancia entre as mesas** (ou agrupación de mesas), tanto dentro do local como na terraza, será de **dous metros** e acordes ao número de persoas (máximo 20) que deberán respectar a distancia de seguridade interpersoal.

Poderá procederse á **reapertura ao público de locais de discotecas e bares de ocio nocturno non superando 1/3 do seu aforo**. No caso de dispor de terrazas ao aire libre estes establecementos poderán facer uso nas mesmas condicións que nos locais de hostalaría. No caso de existir un espazo adicado a pista de baile ou similar poderá ser utilizado para instalar mesas, non podendo adicar dito espazo ao seu uso habitual.



HOTEIS E ALOXAMENTOS TURÍSTICOS

Poderán proceder á apertura de zonas comúns ata o **50% do seu aforo**. Os seus servizos de restauración seguirán as mesmas pautas xerais dos locais de restauración.

E SEMPRE



Sé responsable, lava as mans con moita frecuencia e recorda que o uso de máscara é obrigatorio desde os 6 anos na vía pública, espazos ao aire libre e espazos cerrados de uso público sempre que non sexa posible manter a distancia de seguridade de 2 metros.